


SUXERENCIAS PARA ADULTOS

Maldito karma

Autor: David Safier

Editorial: Seix Barral

Unha presentadora de televisión morre e reencárnase nunha formiga. Inicia un proceso de acumular bo karma para escalar na pirámide da evolución. Divertida novela sobre a importancia de valorar o que tes.



Mar de fuego

Autor: Chufo Lloréns

Editorial: Grijalvo

Este libro recrea unha época tumultuosa da Barcelona do Medievo sometida ás tensións da corte onde se maquina a sanguenta sucesión do conde Ramón

Berenguer I. Namentres, o ilustre navieiro e posuidor dunha das maiores fortunas do condado, Martí Barbany, ten que facer fronte aos amores da súa filla moza por un nobre nunha época na que non estaba permitido saírse da clase social na que un nacera.



Indignádevos

Autor: Stéphane Hessel


Editorial: Kalandraka

O autor deste libro estase a converter na conciencia da nosa sociedade. Con 93 anos de idade, xudeo, nacido en Alemaña e nacionalizado francés, insta á mocidade a non quedarse indifere ante a inxustiza que estamos a vivir nestes tempos.



FELICES VACACIONES!!

suxerencias para verán



**3º CICLO DE
EDUCACIÓN PRIMARIA**

Cómo funciona el mundo

Autor: Christiane Dorion

Editorial: Cisma

É un manual entretido e sorprendente sobre o funcionamento do planeta Terra. Os seus



contidos, informativos e serios, van acompañados de despleables e outras moitas sorpresas en cada unha das súas páxinas.

Desventuras dun lobo namorado

Autor: Fina Casalderrey

Editorial: Galaxia

Unha historia chea de humor baseada nos nosos contos

populares. Un lobiño que queda sen pai bótase a andar polo mundo adiante para demostrarlle á súa familia que é valente e tamén para lle levar un agasallo á súa moza Loba Nova.



A filla do ladrón de bicicletas (Premio Merlín 2010)

Autor: Teresa González Costa

Editorial: Xerais

Serafina, que é filla dun ladrón de bicicletas, vive nunha vila mariñeira coa súa tía, dona Perfecta. A súa máxima aspiración é ser equilibrista nun circo utilizando a Celerífera, a bicicleta coa que consegue abraiar.



O cazador e a balea

Autor: Paloma Sánchez

Editorial: OQO Editora

Trátase dunha epopea moderna sobre a loita dun home contra as forzas da natureza. Pero é tamén unha historia que fala de soidades: a dun vello lobo de mar no seu barco e a dunha balea que un día perdeu o seu grupo nunha tormenta.



Nun lugar chamado Guerra

Autor: Jordi Sierra i Fabra

Editorial: Galaxia

Unha novela sobre a amizade, pero tamén unha descarnada mostra de cómo viven na actualidade millóns de rapaces e rapazas vítimas da guerra e dos éxodos masivos.



Usha

Autor: María Reimóndiz

Editorial: Xerais

Uxía, Usha para os seus amigos, fálanos da súa relación coa India, país onde pasa longas tempadas acompañando a súa nai, membro dunha ONG que traballa en proxectos de cooperación no estado de Karnata. A súa vida na vila de Devastana permítille facer amigos, aprender novas linguas e costumes e adquirir unha visión diferente da vida, froito dos contrastes entre o mundo do que ela procede e esa cultura nova que a acolle.

